

O continuo e profuso crecemento dos asentamentos poboacionais arredor da periferia de Vigo, en concreto no litoral sur da cidade, que abrangue tamén Nigrán, demanda unha mobilidade de curto percorrido, que na zona obxecto da actuación se encamiña a través da PO-325, onde se mesturan tráfico de paso, urbanos, peonís e incluso ciclistas na mesma sección de paso.

Esta actuación incide na protección da seguridade viaria dos diferentes usuarios da vía. No caso dos condutores mediante o acondicionamento das interseccións ao longo do treito que eviten movementos de risco e axuden a comprensión e ordenación do tráfico. E no caso dos ciclistas e peóns, dótaos dunha opción de mobilidade ao longo do treito, que non está comprometida pola circulación dos vehículos de motor.

A teor do previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, a aprobación do devandito proxecto implica a declaración de utilidade pública e da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición de dereitos correspondentes para os efectos de expropiación.

As razóns antes expostas aconsellan unha actuación urxente coa finalidade fundamental de permitir a posta en funcionamento, no prazo máis breve posible, dunha estrada que non só supoña adecuarse aos niveis do tráfico existente na zona, senón que reducirá o risco de accidentes.

Polo exposto, cómpre acudir ao procedemento de expropiación urxente previsto na Lei de expropiación forzosa.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no antes citado proxecto de trazado.

A competencia para a declaración de urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, en virtude do previsto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e no artigo 2 do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción das transferencias en materia de estradas.

Na súa virtude, e en aplicación do establecido no artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e dous de maio de dous mil oito.

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios, que se concretan no expediente administrativo instruído, para os efectos de expropiación, para a execución do proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria na PO-325 (Vigo-A Ramallosa). Clave PO/07/045.06.

Santiago de Compostela, vinte e dous de maio de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Corrección de erros.-Orde do 4 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

Advertidos erros no texto da citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 111, do martes 10 de xuño de 2008, cómpre realizar as seguintes correccións.

Na páxina 11.002, na columna da dereita, no artigo 3, número 1, letra b), onde di: «As persoas que reunisen á actividade do transporte...», debe dicir: «As persoas que teñan renunciado á actividade do transporte...»

Na páxina 11.004, na columna da esquerda, artigo 4, número 6, letra h), onde di: «...asinada en que así se faga constar.», debe dicir: «...asinada na que así se faga constar.»

Na páxina 11.005, na columna da esquerda, artigo 9, número 3, onde di: «...de producirse algunha renuncia por parte dos beneficiarios, en ben co incremento...», debe dicir: «...de producirse algunha renuncia por parte dos beneficiarios, ben co incremento...»

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 26 de maio de 2008 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2008.

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 112, do 11 de xuño de 2008, cómpre facer as oportunas rectificacións:

Na páxina 11.153, artigo 5º, punto 1, alínea C), onde di: «C) Actividades dirixidas ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria e de 1º e 2º da ESO para a prevención ou intervención ante o absentismo e abandono temperán dos estudos, das cales se seleccionarán tres:», debe dicir: «C) Actividades dirixidas a mozas e mozos desde 3º da educación secundaria obrigatoria ata os 24 anos de idade para a prevención ou intervención ante o absentismo e abandono temperán dos estudos, das cales se seleccionarán tres:».

Na páxina 11.157, engádese como anexo o modelo de instancia previsto no artigo 6º.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO NOS CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2008	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED331A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE	Nº REGIS. DE ASOCIACIÓNS	CIF	
ENDEREZO			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DO REPRESENTANTE

APELIDOS	NOME	NIF	
ENDEREZO			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO*
ENDEREZO ELECTRÓNICO			

* Deberá incluírse un teléfono de contacto do representante da entidade (preferentemente móbil) para os efectos de solucionar posibles incidencias na tramitación do expediente

SOLICITA:

Acollerse á convocatoria de subvencións para o cofinanciamento do programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2008.

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA (**)

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 7 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración xurada de cumprimento das obrigas exixidas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 7 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Proxecto das actividades con detalle de cómo se van desenvolver, e o centro ou centros nos que teñan lugar.
- Orzamento total do proxecto con detalle dos custos de cada unha das actividades.
- Acreditación da personalidade e o apoderamento suficiente e subsistente de quen actúa en nome e representación da entidade solicitante.
- Certificado no que se recolla o acordo do órgano municipal competente de solicitar as subvencións previstas nesta orde.
- Declaración en que conste o conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade para a que solicita a subvención.

** Sinala cun "X" o que proceda

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, AUTORIZOLLE EXPRESAMENTE a consellería á publicación no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos correspondentes, dos datos de carácter persoal que exixen as referidas normas, referidos tanto a información sobre as axudas concedidas como as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 26 de maio de 2008 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2008.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA	RECIBIDO	_____
		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

_____, de _____ de _____
Conseleira de Educación e Ordenación Universitaria